

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O CATORCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

Dna. Marta Pico Machado

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e cinco minutos do día catorce de novembro de dous mil dezaseis, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto

A Presidencia abre a sesión, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:



1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Secretaria da lectura da proposta declaración da urxencia, que se transcribe a continuación:

"1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 14/11/2016.

Logo do acordo de clasificación de ofertas e proposta de adxudicación, adoptado no Pleno celebrado con carácter extraordinario e urxente o pasado día 08/11/2016.

Unha vez cumprido o requirimento contido no acordo adoptado, xustifícase a urxencia da celebración da sesión para dar cumprimento ao establecido na cláusula 5ª do Convenio de Colaboración para a financiación do presente contrato, no que se establece que "A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para candansúa anualidade 2016 e 2017, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario", e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de novembro a adopción do acordo de adxudicación, co fin de iniciar canto antes a realización da obra pola empresa seleccionada a través do preceptivo expediente de contratación con todas as formalidades legais,

*Polo anterior, propónse a **DECLARACIÓN DA URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.***

En Pontedeume, asinado dixitalmente á data sinalada á marxe por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde."

Non habendo intervencións sométese a votación a proposta, quedando **DECLARADA A URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

2.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME" (Nº Expediente: 2016/C003/000001). ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe no seu literal:

"PROPOSTA DE ACORDO

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA:

ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME". EXPTE Nº 2016/C003/000001

DON BERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).

Vista a necesidade de executar as obras de "Rehabilitación e Ampliación do Mercado Municipal de Pontedeume", motivada pola reforma completa da edificación histórica xunto coa previsión dunha nova edificación que posibilite albergar parte da superficie comercial e o conxunto dos espazos auxiliares para o seu correcto funcionamento. O proxecto pretende poñer en valor a edificación como patrimonio arquitectónico, revitalizar o comercio e a vida pública e reordenar o espazo inmediato de relación e circulación. O mercado é símbolo da calidade do produto, relación de cidadáns e centro da vida social asociado ao uso público e do esparcemento. Establécense tres obxectivos: Rehabilitación arquitectónica e funcional do edificio histórico orixinal, ampliación da superficie de mercado baixo a rasante da praza da Rúa San Miguel e reordeación do espazo público de ámbito inmediato.

Vista a demanda cidadán e as razón de interese público, é preciso iniciar o procedemento de contratación con carácter inmediato, mediante a tramitación urxente, dados os prazos de xustificación recollidos no Convenio e compre acudir á contratación externa xa que o concello non dispón de medios propios.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o orzamento do proxecto (valor estimado de 1.318.111,57 € máis IVE (21%) e orzamento total de 1.594.915,00 €) considérase adecuado acudir ao procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración), mediante a tramitación urxente e plurianual.

Visto o Acordo do Pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria de data 31.05.2016, polo que se acorda a aprobación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ponte deume, para as obras de "Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Ponte deume", aceptando a financiación da parte correspondente á Deputación Provincial de A Coruña mediante subvención nominativa, a cal se levará a cabo mediante a sinatura do oportuno Convenio de Colaboración.

Visto o documento contable AP, de autorización de gasto plurianual, nº 220169000004 de data 27 de maio de 2016, por importe de 1.596.126,51 €.

Visto o acordo do Pleno da Deputación Provincial de A Coruña en sesión ordinaria de data 29.06.2016, sobre a aprobación da modificación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ponte deume para o financiamento da obra denominada "Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume" (PAS) 2015.

Visto o Acordo do Pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria de data 30.06.2016, polo que se acordou aprobar expediente de contratación para a adxudicación das obras incluídas no proxecto técnico denominado "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME", por procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación), con carácter plurianual e tramitación urxente.

Establécese, así mesmo, como condición suspensiva da eficacia do presente expediente, ademais da sinatura do Convenio de colaboración, que permite a cofinanciación do presente contrato, a disposición polo Concello de Ponte deume da total dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra, antes de que por acordo plenario se adxudiquen definitivamente as obras para a "Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Ponte deume" e establecer que non haberá dereito á indemnización de ningún tipo por parte do Concello a aqueles licitadores que participen no presente expediente, en caso de que por non cumprirse algún dos condicionantes, non se proceda finalmente a adxudicación definitividade do mesmo. Os condicionantes, en canto á dispoñibilidade, aos que se encontra afectos o presente expediente, refírense aos seguintes extremos:

1) **Adquisición por parte do Concello do Edificio da Extinta Cámara Agraria de Ponte deume**

2) **Demolición do Edificio da Extinta Cámara Agraria de Ponte deume**

3) **Demolición Parcial do Mercado Municipal de Ponte deume**

Acórdase, así mesmo, publicar no Boletín Oficial do Estado, Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Perfil do Contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de 13 días poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Visto o decreto de Alcaldía nº 401/2016 de data 20.06.2016 polo que se adquire o inmovible da antiga Cámara Agraria Local de Ponte deume, a favor do Concello de Ponte deume, segundo venda acordada por medio da Orde de 9 de xuño de 2016.

Visto a escritura pública da compravenda outorgada polo Notario D. Alvar Quintanilla López-Tafall, con domicilio no Concello de Ponte deume de data 23 de xuño de 2016.



Visto o anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial do Estado nº 198 de data 17 de agosto de 2016.

Visto o anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 157 de data 22 de agosto de 2016.

Visto o anuncio de licitación publicado no perfil do contratante con ID 59411 de data 19 de agosto de 2016.

Visto o anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 159 de data 23 de agosto de 2016.

Visto o anuncio de licitación publicado no diario "La Voz de Galicia" de data 24 de agosto de 2016.

Visto o acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 25.08.2016, polo que se autoriza a sinatura do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación de A Coruña e o Concello de Pontedeume para a "Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Pontedeume", por importe total dun millón concocentros noventa e catro mil novecentos quinte euros (1.594.915,00 €).

Vista a acta de recepción das obras de "Demolición parcial do Mercado Municipal de Pontedeume" de data 27 de setembro de 2016.

Visto a acta de recepción das obras de "Demolición do edificio da extinta Cámara Agraria Local de Pontedeume" de data 27 de setembro de 2016.

Vista a acta de replanteo do proxecto para a obra "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME", emitida pola arquitecta municipal, Dña Marta Gómez Fernández, en data 27 de setembro de 2016, na que se acredita a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa normal realización e constata a conformidade e viabilidade do proxecto.

Visto o informe técnico de data 25.10.2016 e o informe xurídico de data 2.11.2016 no que queda acreditada a plena dispoñibilidade dos terreos para a execución da obra.

Constituída a 1ª Mesa de Contratación en data 15.09.2016, segundo Acta emitida ao efecto que indica:

"Constituída a Mesa, procédese a abrir os sobres que conteñen a "documentación acreditativa da capacidade para contratar", **SOBRE A**, das empresas según a orde de presentación, que son as seguintes:

- OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A. (OHL CONSTRUCCIÓN)
- ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
- DRAGADOS, S.A.
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
- CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
- UTE EXTRACO-MIXTURAS, S.A.
- UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. - COVIATEC, S.L.
- UTE FERROVIAL AGROMAN – IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS
- COPCISA, S.A.

Revisada a documentación entregada por todas as empresas, detéctanse as seguintes carencias na mesma:

A empresa **DRAGADOS, S.A.** presenta certificado sobre traballadores con discapacidade incompleto, posto que non se indica o número global de traballadores de persoal, o particular de traballadores con discapacidade en persoal, nin a porcentaxe que representa. Así mesmo, tampouco indica a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal.

A empresa **DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.:** comprobada a documentación presentada en papel e a presentada en soporte dixital con firma electrónica, non coinciden, posto que na documentación presentada en soporte dixital non se tiveron en conta as páxinas a dobre cara, incluíndose só por un lado da páxina.

Así mesmo, a declaración responsable de non estar incurso en prohibicións ou incompatibilidades para contratar, deberase presentar segundo o modelo que figura na cláusula 12.1.1.e) do prego de cláusulas administrativas.

A **UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. - COVIASATEC, S.L.:** na declaración de constitución de empresas en UTE, faise referencia á Ley 30/2007, actualmente derogada. Polo que terá que correxirse según o disposto na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A UTE FERROVIAL AGROMAN – IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS: por parte da empresa IAM Rumbo Instalaciones y Obras preséntase escritura de constitución da empresa, faltando o bastanteo do poder segundo se indica na cláusula 12.1.1.D) do prego de cláusulas administrativas.

Unha vez finalizada a revisión da documentación de todas as empresas, acórdase por parte da mesa o requerimento ás empresas Dragados, S.A., Desarrolla Obras y Servicios, S.L., UTE Construcciones Orega, S.L. - Coviastec, S.L. e UTE Ferrovial Agroman – IAM Rumbo Instalaciones y Obras para que subsanen a documentación arriba relacionada nun prazo de 3 DÍAS HÁBILES, quedando o **SOBRE B e C** no servizo de contratación ata a súa apertura”.

Constituída a 2ª Mesa de Contratación en data 23.09.2016, segundo Acta emitida ao efecto que indica:

“Constituída a Mesa, procédese a apertura dos sobres presentados polas empresas requeridas para subsanar a documentación contida no SOBRE A, á vista do acordado pola 1ª Mesa de contratación celebrada o día 15 de setembro de 2016, sendo as seguintes:

- 1.- DRAGADOS, S.A.
- 2.- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
- 3.- UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. - COVIASATEC, S.L.
- 4.- UTE FERROVIAL AGROMAN – IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS

Queda acreditado, segundo a documentación presentada, que todas as empresas cumpren o requerimento e subsanan a documentación do SOBRE A.

Procédese seguidamente a abrir o **SOBRE B** “Referencias Técnicas: Criterios no evaluables de forma automática” de cada unha das empresas.

Unha vez finalizada a revisión da documentación de todas as empresas, entrégase a documentación contida no sobre B ao persoal técnico para que proceda ao informe da súa valoración, quedando o **SOBRE C** no servizo de contratación ata a súa apertura.”

Constituída a 3ª Mesa de Contratación en data 18.10.2016, segundo Acta emitida ao efecto que indica:

“Constituída a Mesa, procédese a dar lectura polo arquitecto municipal á conclusión do Informe redactado no que se da puntuación do **SOBRE B** daquelas empresas que presentaron a documentación, sendo a seguinte:

RESUMEN DE VALORACIÓN FINAL SEGUNDO O CADRO VALORATIVO DO PREGO

	Prog. de traballo (a.1) (13ptos)	Prog. de actuación ambiental (a.2) (6ptos)	Plan de control de calidade (b) (9ptos)	Plan de seguridade (c) (12ptos)	Total (40 pto)
COPCISA	10,50	3,50	5,00	7,50	26,50
OHL	10,50	4,50	7,50	10,50	33,00
DESARROLLA	7,50	4,00	7,00	9,00	27,50
DRAGADOS	7,50	5,25	7,50	9,00	29,25
ACCIONA	10,50	4,50	7,50	10,00	32,50
FERROVIAL & RUMBO, (UTE)	9,00	4,00	7,00	8,00	28,00



SAN JOSE,	6,01	2,00	2,50	7,00	17,51
EXTRACO & MIXTURAS (UTE)	8,50	3,00	7,50	6,50	25,50
OREGA & COVIASDEC (UTE)	7,50	2,50	6,00	6,50	22,50

1.- OHL Construcción	33,00 Puntos
2.- Acciona Infraestructuras, S.A.:	32,50 Puntos
3.- Dragados, S.A.:	29,25 Puntos
4.- Ute Ferroviaria Agroman – IAM Rumbo:	28,00 Puntos
5.- Desarrolla Obras y Servicios, S.L.:	27,50 Puntos
6.- Copcisa, S.A.:	26,50 Puntos
7.- Ute Extraco, S.A.: - Misturas, S.A.:	25,50 Puntos
8.- Ute Construcciones Orega, S.L. - Coviastec, S.L.:	22,50 Puntos
9.- Constructora San José, S.A.:	17,51 Puntos

A continuación procédese á apertura e lectura pola secretaria da mesa do sobre que contén a "oferta económica" **SOBRE C**, das empresas admitidas, presentando as seguintes ofertas:

OHL CONSTRUCCIÓN:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.112.668,16 €
- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.
- Gastos control interno de calidade: 0,50%
- Prazo de execución e redución: 300 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 90 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.049.480,43 €
- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.
- Gastos control interno de calidade: 5,00%
- Prazo de execución e redución: 240 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 150 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

DRAGADOS, S.A.:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.053.434,76 €
- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.
- Gastos control interno de calidade: 1,50%
- Prazo de execución e redución: 300 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 90 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.091.300,00 €
- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.
- Gastos control interno de calidade: 9,00%
- Prazo de execución e redución: 10 meses, o que supón unha redución do prazo de execución de 90 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.084.278,58 €
- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.
- Gastos control interno de calidade: 1,00%
- Prazo de execución e redución: 300 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 90 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

UTE EXTRACO, S.A. - MIXTURAS, S.A.:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.176.546,00 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.

- Gastos control interno de calidade: 7,00%

- Prazo de execución e redución: 270 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 120 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. - COVIASSTEC, S.L.:

- Oferta económica (SEN IVE): 982.652,17 €

- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.

- Gastos control interno de calidade: 5,00%

- Prazo de execución e redución: 300 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 90 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

UTE FERROVIAL AGROMAN, S.A. - IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.119.016,08 €

- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.

- Gastos control interno de calidade: 1,00%

- Prazo de execución e redución: 300 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 90 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

COPCISA, S.A.:

- Oferta económica (SEN IVE): 1.065.429,58 €

- Gastos control externo de calidade: ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra.

- Gastos control interno de calidade: 21,88%

- Prazo de execución e redución: 210 días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de 180 días naturais respecto ao que figura no proxecto.

Unha vez finalizada a apertura dos sobres, procédese á aplicación dos criterios de adxudicación fixados no Prego de Cláusulas, sendo ponderados na medida indicada nos mesmos.

PLAN DE CONTROL DE CALIDADE INTERNO E EXTERNO:

REHABILITACIÓN Y AMPLIACION DEL MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

PUNTUACION CONTROL DE CALIDA INTERNO

PUNTUACION MAXIMA	1,00	PTO
PORC. MAYOR OFERTADO	21,88	%

PUNTUACION CONTROL DE CALIDA EXTERNO

PUNTUACION MAXIMA	9,00	PTO
PORCENTAJE OBLIGATORIO	1,00	%
PORCENTAJE MAYOR OFERTADO	2,00	%

EMPRESA	%	PUNTUACION	EMPRESA	% OFERTADO	%-1%	X3	PUNTUACION
OHL	0,50	0,02	OHL	3,00	2,00	6,00	9,00
ACCIONA	5,00	0,23	ACCIONA	3,00	2,00	6,00	9,00
DRAGADOS	1,50	0,07	DRAGADOS	3,00	2,00	6,00	9,00
FERROVIAL	1,00	0,05	FERROVIAL	3,00	2,00	6,00	9,00
DESARROLLA	9,00	0,41	DESARROLLA	3,00	2,00	6,00	9,00
COPCISA	21,88	1,00	COPCISA	3,00	2,00	6,00	9,00
EXTRACTO	7,00	0,32	EXTRACTO	3,00	2,00	6,00	9,00
OREGA	5,00	0,23	OREGA	3,00	2,00	6,00	9,00
SAN JOSE	5,00	0,23	SAN JOSE	3,00	2,00	6,00	9,00

RESUMEN FINAL PUNTUACION CON SOBRE B DE CRITERIOS NO EVALUABLES MATEMATICAMENTE

	% P.I.	%P.E.	TOTAL
OHL	33,00	0,02	42,02
ACCIONA	32,50	0,23	41,73
DRAGADOS	29,25	0,07	38,32
FERROVIAL	28,00	0,05	37,05
DESARROLLA	27,50	0,41	36,91
COPCISA	26,50	1,00	36,50
EXTRACTO	25,50	0,32	34,82
OREGA	22,50	0,23	31,73
SAN JOSE	17,51	0,05	26,56

VALORACIÓN TÉCNICA E DE REDUCCIÓN DE PLAZOS

EMPRESA	PUNTUACIÓN VALORACIÓN TÉCNICA	REDUCCIÓN (días naturais)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZOS
OHL CONSTRUCCIÓN	42,02	90	6,73
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A	41,73	150	9,14
DRAGADOS, S.A.	38,32	90	6,73
UTE FERROVIAL AGROMAN & IAM RUMBO	37,05	90	6,73
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.A.	36,91	90	6,73
COPCISA, S.A.	36,5	180	10,00
UTE EXTRACO, S.A. & MISTURA, S.A.	34,82	120	8,29
UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. & COVIASSTEC, S.L.	31,73	90	6,73
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	26,56	90	6,73

A mesa de conformidade cos citados criterios, otorgou as seguintes puntuacións ás empresas participantes na licitación:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN VALORACIÓN TÉCNICA	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZOS	PUNTUACIÓN VALORACIÓN ECONÓMICA	TOTAL
OHL CONSTRUCCIÓN	42,02	6,73	24,98	73,73
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A	41,73	9,14	32,41	83,28
DRAGADOS, S.A.	38,32	6,73	31,96	77,01
UTE FERROVIAL AGROMAN & IAM RUMBO	37,05	6,73	24,21	67,99
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.A.	36,91	6,73	27,58	71,22
COPCISA, S.A.	36,5	10,00	30,60	77,10
UTE EXTRACO, S.A. & MISTURA, S.A.	34,82	8,29	17,22	60,33
UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. & COVIASSTEC, S.L.	31,73	6,73	40,00	78,46
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	26,56	6,73	28,44	61,73

A vista do anterior, a clasificación das ofertas por orde de puntuación queda da seguinte maneira:

EMPRESA	PUNTUACIÓN
Acciona Infraestructuras, S.A.	83,28

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

UTE Construcciones Orega, S.L. & Coviastec, S.L.	78,46
Copcisa, S.A.	77,10
Dragados, S.A.	77,01
OHL Construcción	73,73
Desarrolla Obras y Servicios, S.L.	71,22
UTRE Ferrovial Agroman & IAM Rumbo	67,99
Constructora San José, S.A.	61,73
UTE Extraco, S.A. & Misturas, S.A.	60,33

Como consecuencia, a Mesa de contratación acordou propoñer a adxudicación a favor da empresa **Acciona Infraestructuras, S.A.** e elevar a proposta xunto coa acta ao órgano de contratación para que, previos os trámites legais oportunos, dicte a resolución de adxudicación que considere axustada a dereito.”

Visto que en data 07.11.2016 se procede á firma do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ponte deume.

Visto que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, de data 8.11.2016, acorda o seguinte:

[...]

SEGUNDO.- Levantar a condición suspensiva do presente contrato, aos efectos da adxudicación do mesmo, recollida no acordo do Pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria de data 30.06.2016, ao quedar acreditado no expediente, a firma do Convenio de colaboración para o financiamento do presente contrato por todas as Administracións intervintes en data 4 de novembro de 2016, así como a total dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra.

TERCEIRO.- Seleccionar á empresa “**ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.**” como a autora da proposición máis ventaxosa para a Corporación no contrato de obra “**Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Ponte deume**” (2016/C003/000001), de acordo co seguinte orde de clasificación de ofertas da acta da mesa de contratación de data 18.10.2016:

<u>EMPRESA</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
Acciona Infraestructuras, S.A.	83,28
UTE Construcciones Orega, S.L. & Coviastec, S.L.	78,46
Copcisa, S.A.	77,10
Dragados, S.A.	77,01
OHL Construcción	73,73
Desarrolla Obras y Servicios, S.L.	71,22
UTRE Ferrovial Agroman & IAM Rumbo	67,99
Constructora San José, S.A.	61,73
UTE Extraco, S.A. & Misturas, S.A.	60,33

CUARTO.- Aprobar a proposta de adxudicación da contratación a “**ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.**” nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescripción técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

	OFERTA ECONÓMICA	IVE	OFERTA TOTAL (IVE)
--	-------------------------	------------	---------------------------



Acciona Infraestructuras, S.A.	(sen IVE)		incluído)
	1.049.480,43 €	220.390,89 €	1.269.871,32 €
	PLAN DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO		
	Comprométese a financiar, ademáis do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra (cláusula 12.3.2 e 29 do prego)		
	PRAZO DE EXECUCIÓN E REDUCIÓN DE PRAZO		
Ofrece un prazo de execución de 240 DÍAS NATURAIS, o que supón unha redución de 150 días naturais con respecto ao prazo de execución recollido no proxecto.			

QUINTO.- Requerir á empresa **ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.**, segundo o establecido nos artigos 146 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e a cláusula 16ª e o Anexo V do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de **5 DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requerimento presente a seguinte documentación:

- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, segundo o modelo recollido na cláusula 12.1.1.K) do prego de cláusulas administrativas.

- A xustificativa de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución da obra, de conformidade co disposto na cláusula 16.1d) e o ANEXO V do prego de cláusulas administrativas.

- A acreditativa de ter constituída a **garantía definitiva** (5 % do importe de adjudicación IVE excluído) e a **garantía complementaria** (5 % do importe de adjudicación IVE excluído), segundo o recollido no epígrafe 15 do Anexo I (Cadro de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas.

De non cumprirse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación a requerir dita documentación ao seguinte candidato por orde de puntuación.

SEXTO.- Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e Urbanismo aos efectos oportunos.
[...].”

Visto a documentación da empresa Acciona Infraestructuras, S.A., con data de rexistro de entrada no Concello de data 11/11/2016 co Nº RE 7834/2016.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal de data 11 de novembro de 2016 no que se informa que se presenta a documentación requerida segundo o prego

Visto o informe de fiscalización da intervención municipal (FASE D) de data 11 de novembro de 2016 no que fiscaliza favorable coas consideracións indicadas e que procede a tramitación do expediente.

Considerando a lexilación aplicable:

Os artigos 6, 76, 87.5, 121 e seguintes, 151.3, 152, 169, 170, 178, 229 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de Novembro.

O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

O Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto canto antecede,

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno extraordinario e urxente convocado para o día 14 de novembro do 2016, debido a que a tramitación complexa do procedemento de contratación de referencia, iniciada no mes de maio de 2016, hai seis meses, e a competencia plenaria da contratación por razón da porcentaxe do orzamento de licitación así como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa conveniente para o interese público tratar o presente asunto, sen maior dilación mediante a convocatoria dun pleno extraordinario, xa que non puido ser incluído na orde do día do Pleno ordinario do mes de outubro, xa que non se atopaba o expediente concluído no momento da súa convocatoria xa que aínda que a proposta da mesa de contratación tivo lugar o día 18 do mes corrente, a firma do Convenio de colaboración para a financiación do presente contrato non tivo lugar ata o 7 día de novembro de 2016, establecéndose como unha das condicións suspensivas para a adxudicación do presente contrato, por acordo do Pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria de data 30.06.2016 . De ahí, e co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 5ª do Convenio de Colaboración para a financiación do presente contrato, no que se establece que "A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para candansúa anualidade 2016 e 2017, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario", e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de novembro a adopción do acordo de clasificación da proposta máis ventaxosa para a administración, motiva a declaración da urxencia do expediente co fin de iniciar canto antes a realización da obra pola empresa seleccionada a través do preceptivo expediente de contratación con todas as formalidades legais, restando ulterior acordo plenario de adxudicación, no seu caso, unha vez cumprido o requerimento que se propón no presente acordo.

SEGUNDO.- Adxudicar a contratación á empresa "**ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.**" nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescripción técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	IVE	OFERTA TOTAL (IVE incluído)
	1.049.480,43 €	220.390,89 €	1.269.871,32 €
Acciona Infraestructuras, S.A.	PLAN DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO		
	Comprométese a financiar, ademais do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra (cláusula 12.3.2 e 29 do prego)		
	PRAZO DE EXECUCIÓN E REDUCIÓN DE PRAZO		
	Ofrece un prazo de execución de 240 DÍAS NATURAIS, o que supón unha redución de 150 días naturais con respecto ao prazo de execución recollido no proxecto.		

TERCEIRO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2016 2 JK 1 1.

CUARTO.- Nomear como responsable do contrato á arquitecta municipal, Dna Marta Gómez Fernández e como responsable do contrato substituto a D. David Álvarez Ferreiro.



QUINTO.- Designar como directores facultativos a Dna. Marta Gómez Fernández, arquitecta municipal, en calidade de Directora de obra e ao arquitecto técnico municipal, D. David Álvarez Ferreiro en calidade de Director de execución de obra.

SEXTO.- Publicar o anuncio da adxudicación e formalización no perfil do contratante (www.pontedeume.es), no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

SÉTIMO.- Requirir ao adxudicatario **Acciona Infraestructuras, S.A.** para que no prazo de 15 días hábiles a contar dende a recepción da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo e facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do correspondente contrato administrativo.

OITAVO.- Formalizado o contrato, deberá presentar o adxudicatario **Acciona Infraestructuras, S.A.** no prazo de 15 naturais, a contar dende a recepción da presente notificación, e sempre antes do incio das obras, a seguinte documentación, aos efectos da súa aprobación polo Concello e a súa posterior comunicación á autoridade laboral:

- Plan de seguridade e saúde das obras
- Subcontratistas e subministradores
- Plan de Xestión de Residuos
- Programa de traballo

Efectuado este trámite, procederase á acta de reformulo e inicio da obra.

NOVENO.- Notificar a presente resolución ás empresas licitadoras e aos departamentos de Intervención e Urbanismo Municipais aos efectos oportunos.

DÉCIMO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Remitir ao Tribunal de Contas/ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros. Todo iso, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.

DÉCIMO SEGUNDO.- Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Asuntos Xerais do Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Pontedeume, 11 de novembro de 2016

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Intervén o portavoz do PP, D. Francisco Javier Crespo Romeo. O Sr. Crespo Romeo indica que a problemática do mercado remóntase a hai máis de vinte anos e que que foi no ano 2007, co cambio de goberno, cando se detecta a necesidade de acometer obras. D. Francisco Javier Crespo fai referencia ás visitas de inspección que indicaban problemas de salubridade e hixiene polo estado da infraestrutura e cuxos informes propoñían o peche do Mercado.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Considera que foi grazas ao goberno municipal daquel momento, que se empeza a tramitar a rehabilitación do mercado e como alternativa ao peche, xestiónase un mercado provisional, financiado pola Xunta, nun tempo record.

Sobre o proxecto de rehabilitación e ampliación, obxecto do expediente de contratación que se somete hoxe a consideración do Pleno, considera que contempla as cualidades para ser un mercado referente da comarca e encamiñado a formar parte dos mercados excelentes. Fai referencia á cooperación das diferentes administracións para dotar economicamente o proxecto e alude ao esforzo da xente, que cualifica como "titánico" e lembra a aquela que "xa non está entre nos". Manifesta estar orgullosos da realidade, da verdade, de ter mantido o discurso e indica que será o tempo o que fale.

Considera que quen criticaba o "seu" proxecto, agora está a facelo e que cando se criticaba o emprazamento do mercado provisional, dende "Industria" e "Sanidade" dérono de alta sen problema; defende o protocolo, asinado polo goberno local anterior no ano 2015, como a base da reserva de crédito para a sinatura do convenio, contra o argumento utilizado pola Alcaldía de que o protocolo non tiña valor xurídico, xa que segundo indica, reflexa "a céntimo" a cifra do documento asinado por Gabriel Torrente. Recorda que o Alcalde dixo que non ía pagar a "Agraria" e ao final tivo que pagar, o que supuxo un atraso...; Di que dende o ano 2007 veñen dicindo "sí" ao mercado, ao comercio e á hostalería eumesa, e que agora hai que recuperar 17 meses de "pasividade". Conclúe a súa intervención indicando que o voto do seu grupo será a abstención, aínda tendo en conta a xestión da contratación, que cualifica como "pésima".

De seguido, toma a palabra a portavoz do BNG-AA, Dña. Ana Veira García, quen indica que, tratándose dunha obra necesaria e urxente, recorda que o PSOE non estaba de acordo co proxecto que agora está a levar a cabo. Di que o BNG segue a manter a mesma postura inicial, polo que o sentido do voto do seu grupo será a abstención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que hoxe se está no punto final, salvo algúns flecos, do proceso para quitar adiante a obra do Mercado municipal. Agradece, primeiramente, o traballo dos/as empregados municipais, que cualifica de inxente, durante meses, contra o contido da intervención do portavoz do PP de que "xa estaba todo listo", traballo que fundamenta na documentación xerada e nos feitos acaecidos durante a tramitación do expediente. Defende a opción de continuar co proxecto existente por ser esta a que garantía, logo de consultar con "Patrimonio" a apertura do Mercado en menor tempo xa que optar por outro proxecto retrasaría a obra. Contradí as afirmacións do Sr. Crespo cando di que no 2015 xa estaba todo listo, xa que non había proxecto de execución nin consignación orzamentaria, nin no Concello nin na Xunta, como sí hai neste momento.

Defende a xestión do goberno e considera que foi a Xunta, coa última modificación orzamentaria imposta dende a Dirección Xeral de Comercio quen retrasou o asunto. Remítese á documentación que obra no expediente á hora de depurar responsabilidades, entre outras, o retraso de 5 ou 6 meses na concesión a este concello do edificio da "Cámara Agraria", unha vez que o Concello tivo ingresado o importe do prezo estipulado.

Sobre o emprazamento do mercado provisional, considera que o espazo, unha vez que deixe de ter ese uso, "non valerá para nada" logo de ter investido cerca dun millón e medio de euros, e que as cámaras frigoríficas eran de segunda man. Insiste na defensa do traballo dos/as empregados/as municipais, que se substenta no volume actual do expediente, considerando unha falla de respecto a aqueles/as a afirmación do portavoz do PP e pregúntase "como tiñan pensado facer" para empezar a obra no 2015 xa que non había autorización de Patrimonio, non estaba demolida a cámara agraria, non había pregos para a contratación...; Censura a actitude do PP ao longo da tramitación do expediente e en relación coas noticias aparecidas en prensa, poñendo en dúbida os intereses daquel e recordando a posición do dito grupo municipal para coa tramitación anticipada do expediente de contratación. Dito isto, reafirma a legalidade do procedemento de



contratación, avalada por persoal alleo ao Concello, citando expresamente ao Sr. Interventor da Deputación Provincial da Coruña, como unha das persoas con máis prestixio deste país. Dito isto, convida ao portavoz do PP a, nun acto público, cada un leve o contido do expediente: o primeiro, o que había antes, e o segundo, o que hai despois, do actual goberno municipal. Pide seriedade para co asunto e someter o acordo a votación.

Ante a petición dun turno de réplica, o portavoz do PP toma a palabra. D. Francisco Javier Crespo Romeo di que sen a sinatura do protocolo “ninguén estaríamos aquí” e que sí había proxecto, de data 16/03/2015, que en 30 días estaría o proxecto básico e que en 60, o definitivo. Que dende o seu grupo en ningún momento se foi en contra de quitar adiante o expediente. Descoñecen que as cámaras frigoríficas fóran de segunda man e di que o queren aclarar. Di que sí se podía iniciar o contrato no 2015 e pregunta qué hai hoxe que non había daquela. Considera que o diagnóstico xeral é que se vai tarde (17 meses) e recomenda ao Sr. Alcalde que non “xogue” coa falla de existencia de recursos. Sobre as aparicións na prensa, di que “o mestre na prensa non somos nos”, en alusión ás aparicións do Alcalde nos medios.

Pide a palabra Dna. Ascensión Mª de Vicente Olarte. A concelleira do PP di que dende a Xunta se tiña a “máxima preocupación” porque a perda da subvención por parte do concello acarrearíalles un problema.

Ante a intervención da concelleira, D. Bernardo Fernández Piñeiro di non entender entón os motivos do retraso para coa firma do convenio, logo de que o Concello comunicara estar en disposición de asinar o acordo dende o 28 de setembro.

De seguido, prodúcese un debate sobre como os medios recolleron a noticia de sinatura do protocolo polo goberno anterior.

Pecha o debate o Sr. Alcalde quen, sen negar os pasos que se teñen dado, remítese á documentación contida no expediente á hora de defender o traballo do concello.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que se están a recoller os froitos do traballo anterior e recorre á obra da “Alameda” como exemplo da xestión do seu goberno. D. Bernardo Fernández Piñeiro recorda que o goberno do PP non foi quen de quitar a dita obra en 24 meses, fronte aos catro meses de retraso actuais.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO por 7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy, e **6 abstencións** do resto de concelleiros e concelleiras, do Grupo Municipal do PP (4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno extraordinario e urxente convocado para o día 14 de novembro do 2016, debido a que a tramitación complexa do procedemento de contratación de referencia, iniciada no mes de maio de 2016, hai seis meses, e a competencia plenaria da contratación por razón da porcentaxe do orzamento de licitación así como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa conveniente para o interese público tratar o presente asunto, sen maior dilación mediante a convocatoria dun pleno extraordinario, xa que non puido ser incluído na orde do día do Pleno ordinario do mes de outubro, xa que non se atopaba o expediente concluído no momento da súa convocatoria xa que aínda que a proposta da mesa de contratación tivo lugar o día 18 do mes corrente, a firma do Convenio de colaboración para a financiación do presente contrato non tivo lugar ata o 7 día de novembro de 2016, establecéndose como unha das condicións suspensivas para a adxudicación do presente contrato, por acordo do Pleno do Concello de Pontedeume en sesión ordinaria de data 30.06.2016 . De aí, e co fin de dar cumprimento ao

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

establecido na cláusula 5ª do Convenio de Colaboración para a financiación do presente contrato, no que se establece que "A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para candansúa anualidade 2016 e 2017, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario", e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de novembro a adopción do acordo de clasificación da proposta máis vantaxosa para a administración, motiva a declaración da urxencia do expediente co fin de iniciar canto antes a realización da obra pola empresa seleccionada a través do preceptivo expediente de contratación con todas as formalidades legais, restando ulterior acordo plenario de adxudicación, no seu caso, unha vez cumprido o requirimento que se propón no presente acordo.

SEGUNDO.- Adxudicar a contratación á empresa "**ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.**" nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescricións técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	IVE	OFERTA TOTAL (IVE incluído)
	1.049.480,43 €	220.390,89 €	1.269.871,32 €
Acciona Infraestructuras, S.A.	PLAN DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO		
	Comprométese a financiar, ademais do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra (cláusula 12.3.2 e 29 do prego)		
	PRAZO DE EXECUCIÓN E REDUCIÓN DE PRAZO		
	Ofrece un prazo de execución de 240 DÍAS NATURAIS, o que supón unha redución de 150 días naturais con respecto ao prazo de execución recollido no proxecto.		

TERCEIRO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2016 2 JK 1 1.

CUARTO.- Nomear como responsable do contrato á arquitecta municipal, Dna Marta Gómez Fernández e como responsable do contrato substituto a D. David Álvarez Ferreiro.

QUINTO.- Designar como directores facultativos a Dna. Marta Gómez Fernández, arquitecta municipal, en calidade de Directora de obra e ao arquitecto técnico municipal, D. David Álvarez Ferreiro en calidade de Director de execución de obra.

SEXTO.- Publicar o anuncio da adxudicación e formalización no perfil do contratante (www.pontedeume.es), no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

SÉTIMO.- Requirit ao adxudicatario **Acciona Infraestructuras, S.A.** para que no prazo de 15 días hábiles a contar dende a recepción da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo e facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do correspondente contrato administrativo.

OITAVO.- Formalizado o contrato, deberá presentar o adxudicatario **Acciona Infraestructuras, S.A.** no prazo de 15 naturais, a contar dende a recepción da presente notificación, e sempre



antes do inicio das obras, a seguinte documentación, aos efectos da súa aprobación polo Concello e a súa posterior comunicación á autoridade laboral:

- Plan de seguridade e saúde das obras
- Subcontratistas e subministradores
- Plan de Xestión de Residuos
- Programa de traballo

Efectuado este trámite, procederase á acta de reformulo e inicio da obra.

NOVENO.- Notificar a presente resolución ás empresas licitadoras e aos departamentos de Intervención e Urbanismo Municipais aos efectos oportunos.

DÉCIMO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Remitir ao Tribunal de Contas/ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros. Todo iso, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.

DÉCIMO SEGUNDO.- Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Asuntos Xerais do Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria

Dna. Ana Ramos Ramos

V. e Pr.

O alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro